

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2024

A/A do/a DIRECTOR/A

Por medio da presente queremos solicitar a súa colaboración para que informe entre o seu colectivo escolar dos **CAMPAMENTOS DEPORTIVOS VERÁN 2024** que organiza a Deputación da Coruña a partir do 23 de xuño, e ao longo de catro quendas.

Para este ano, o Concello de Santiago de Compostela conta con **20 prazas** para a **2ª quenda (do 30 de xuño ao 5 de xullo)** na que poderán participar as rapazas e rapaces empadroados en Santiago, con idades entre 9 e 14 anos xa cumpridos (nados entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2015).

Para poder acceder ás prazas do Concello de Santiago haberá que estar empadroado (farase a oportuna comprobación no padrón de habitantes) e presentar a seguinte documentación:

- Ficha de inscrición debidamente cuberta e **asinada pola persoa representante legal**.
- Fotocopia do carnet de identidade ou libro de familia e tarxeta sanitaria
- Copia do aboamento da cota de inscrición 85 € (cando a praza estea confirmada e no número de conta dado pola Deputación e publicado na súa web).
- No caso de tratamento ou doenza que teñan que ser tidos en conta, axuntarase certificado médico asinado por facultativo/a. De igual xeito, no caso de medicación específica ou alerxia alimentaria ou doutro tipo.

Esta documentación poderá presentarse:

- Por medios electrónicos, na sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) no trámite "Inscrición en actividades"
- Presencialmente, no Rexistro Xeral do Concello (de 9,00 a 13,30 h.)

A ficha de inscrición está dispoñible en internet:

- www.dacoruna.gal/deportes
- www.santiagodecompostela.gal

A data límite de presentación de inscricións remata o 28 de maio de 2024.

Terá preferencia a rapazada que non participase nos campamentos deportivos de verán da Deputación en edicións anteriores.

No suposto de ter máis solicitudes que número de prazas concedidas pola Deputación, realizarase, entre o 29 e o 31 de maio, un sorteo público diante do Secretario do Concello para adxudicar as prazas.

Máis información:

Departamento Municipal de Deportes: 981 52 87 30

Web da Deputación da Coruña: www.dacoruna.gal/deportes

Agradecemos de antemán a súa colaboración